

ACORDO DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E [REDACTED] PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

REÚNENSE

Dunha parte, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019. Con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

E doutra, [REDACTED] (*nome do/a representante na entidade colaboradora*), actuando en calidade de [REDACTED] (*cargo*), en representación de [REDACTED] (*nome da entidade colaboradora*), e con enderezo social na rúa [REDACTED], núm. [REDACTED], de [REDACTED] (*localidade*) e CIF [REDACTED]

As partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente Acordo de Prórroga e, para os efectos,

MANIFESTAN

Primeiro.- Ambas partes acordaron, mediante convenio de cooperación educativa asinado con data [REDACTED], a colaboración para a realización de prácticas académicas externas.

Segundo.- A cláusula relativa á vixencia do convenio establece que o mesmo terá efectos desde a súa sinatura e ata o [REDACTED] (*indicar data do fin convenio*).

Terceiro.- Dita cláusula tamén establece que antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, este poderá prorrogarse de forma expresa polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicional establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Cuarto.- Considerando que é de interese continuar coa colaboración iniciada con base no convenio de cooperación educativa mencionado, ambas as partes estiman a súa renovación e acordan a prórroga do dito convenio por un período de [REDACTED] anos a contar desde o día seguinte ao remate da vixencia do convenio obxecto da presente prórroga.

E, como proba de conformidade, as partes comparecentes asinan o presente acordo en Vigo, na data da última sinatura electrónica.

<p>POLA UNIVERSIDADE DE VIGO O Reitor</p>	<p>POLA ENTIDADE COLABORADORA Cargo: [REDACTED]</p>
<p>Don Manuel J. Reigosa Roger</p>	<p>Don/Dona [REDACTED]</p>